

A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 27 de xaneiro de 2023, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

9.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliados mediante fórmula nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

b) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "implantación de medios de transporte mecánico na rúa Aragón, entre o nº 209 e o nº 178 no Concello de Vigo" (1326-441)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado pola técnica de xestión e o xefe da Área de Inversións o 24 de xaneiro de 2023 de valoración do sobre C "proposición avaliable mediante fórmula" coa proposta de clasificación que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

Acto seguido publícase no perfil de contratante.

10.- Propostas de clasificación

b) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "implantación de medios de transporte mecánico na rúa Aragón, entre o nº 209 e o nº 178 no Concello de Vigo" (1326-441)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), a adopción da seguinte resolución:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "implantación de medios de transporte mecánico na rúa Aragón, entre o nº 209 e o nº 178 no Concello de Vigo" (1326-441) na seguinte orde descendente:

	Empresas	Puntuación
1	XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L.	93,14
2	UTE CIVISGLOBAL, S.L.U. - AVAN INTEGRAL, S.L.	92,23
3	PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	92,00



Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L. (B36746584), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares."

O que publicamos para coñecemento xeral e demais efectos.

O contido íntegro da acta da sesión da Mesa de Contratación da que se publica este extracto pode consultalo no seguinte enderezo WEB:

[https://sede.vigo.org/expedientes/perfilcontratante/
actasmesacontratacion.jsp?lang=gal](https://sede.vigo.org/expedientes/perfilcontratante/actasmesacontratacion.jsp?lang=gal)

A secretaria da Mesa de Contratación
(sinatura dixital)

